

Día das Letras Galegas
e Día Internacional
da Internet

de maio

Lingua de
@m♥r

- [Que é Lingua de Amor?](#)
- [Novidades](#)
- [Lances de literatura](#)
- [Lingua](#)
- [Lexislación](#)
- [Recursos lingüísticos](#)
- [Recomendamos](#)
- [Concurso](#)
- [Lingua de Amor](#)
- [Declaracións](#)
- [Galería de Imaxes](#)

[Inicio](#) ▶ [Novidades](#) ▶ [Noticia](#)

🌟 O Día das Letras Galegas de 2008 estará dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez

É o autor de "Poemas de ti e de min", "Roseira do teu mencer" e "Canle segredo"

02/07/2007

O Plenario da [Real Academia Galega](#) (RAG) decidiu este sábado, 30 de xuño, dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2008 a Xosé María [Álvarez Blázquez](#), poeta que publicou en vida tres libros de versos: *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950) e *Canle segredo* (1976).

Álvarez Blázquez naceu en Tui no ano 1915 e faleceu en 1985, aos 70 anos. A Real Academia reconece que *Poemas de ti e de min* paga un belo tributo ao populismo, ao imaxinismo e ao neotrobadorismo; *Roseira do teu mencer* constitúe un libro "profundamente conmovedor, pois ninguén cantou na nosa lingua a emoción da paternidade"; e canto a *Canle segredo* é un libro "grave e profundo". No xénero da narrativa infantil escribiu *Os ruíns* (1936) e *A pega rabilongo e outras historias de tesouros* (1971). Como ensaísta publicou *Escolma de poesía galega II: A poesía dos séculos XIV a XIX* (1959), *Escolma de epigramas* (1968) e *Escolma de poesía medieval* (1975).

O poeta galardoado destacou no seu papel de editor, en 1950 fundou con Luís Viñas Cortegoso a Editorial Monterrey, que conta co mérito histórico de amparar o nacemento da denominada Nova Narrativa Galega coa publicación de libros de Rodríguez Mourullo.

Máis importante foi a súa segunda etapa, iniciada en 1964 en Edicións Castrelos, á que se lle debe a colección *O Moucho* e a popularización da obra de Rosalía de Castro e de Curros Enríquez.

Álvarez Blázquez, ademais de editor e escritor de poesía, narrativa e ensaio, tamén foi arqueólogo e investigador. A RAG destacou del ser "o exemplo perfecto dun home polígrafo, erudito e interesado pola historia, a arqueoloxía ou a literatura".



INGRESO

Correo-e

Contrasinal

[Rexístrate](#)